



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E UNIVERSIDADE

CEIP PLURLINGÜE ÁLVARO CUNQUEIRO MORA  
Avda, Bos Aires, 19  
Tfno: 982870553  
27740 Mondoñedo (Lugo)  
E-mail: ceip.cunqueiro@edu.xunta.gal



## CONSTITUCIÓN DA XUNTA ELECTORAL

De conformidade co establecido na Resolución do 19 de setembro de 2022 da Xeral de Ordenación e Innovación Educativa (DOG. do venres 30 de setembro do 2022) pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, realizarase proximamente neste Centro a renovación parcial do **CONSELLO ESCOLAR** que é o instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos do Colexio.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral** que se constituirá ao efecto, e integrada por:

- O/A Director/a do Centro.
- Un profesor/a.
- Un pai ou nai ou titor/a legal.
- Un representante do persoal de administración e servizos.

Os tres últimos serán designados por sorteo segundo establece artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, e mailo Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21/10/96). Dito sorteo, que será público e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrarase no Centro o próximo día **26 de outubro de 2022, ás 11:15 horas.**

Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar a súa candidatura para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións que figurarán nas distintas **CONVOCATORIAS** que proximamente se farán públicas pola Xunta Electoral do Centro.

Mondoñedo, 21 de outubro de 2022

A Directora



*Teresa Freire*  
Asdo.: M<sup>a</sup> Teresa Freire Sánchez